

arte + narrativa gráfica

Ao longo do século XX, o ser humano achegou á bagaxe creativa da especie dous únicos novos códigos artísticos plenamente desenvolvidos: o cine e o cómic. Con certos elementos gramaticais en común, a súa sintaxe é, non obstante, moi diferente. A banda deseñada fixo da elipse narrativa, tanto textual coma visual, celme e esencia da súa estrutura, e converteuse na máis elíptica das linguaxes manexadas polo home ata o momento. Nestes máis de cen anos, este medio depurou ferramentas expresivas altamente sofisticadas, cunha abraiante capacidade de suxestión e unha formidable potencia de penetración cultural, e evolucionou en tres vías ben diferenciadas —e, en certo modo, neste século XXI, concorrentes—: europea, norteamericana e asiática.

España, a partir dos anos 70, e Galicia, a partir dos 90, teñen un lugar destacado no panorama globalizado do cómic. O colectivo multixeracional de artistas, autoras e autores que acadan recoñecemento e ven a súa obra difundida en numerosos países e linguas é máis que significativo.

A crítica teórica e a investigación universitaria sobre o cómic, a través de teses e traballos de doutoramento, comunicacións e informes en congresos, así como a publicación de ensaios e estudos en medios especializados, levan moito tempo sendo abondosas, fondas e rigorosas en Francia, Italia, Alemaña, Estados Unidos, Xapón, etc. O desequilibrio existente, tanto en Galicia coma no resto de España, entre tan potente e importante actividade creativa e tan exigua achega teórica ten que ser corrixido.

Programa

Sesión da mañá

10:00 horas
Presentación da xornada

10:30 horas
El cómic en la cultura visual contemporánea: de medio de masas a la narración gráfica actual

Ricardo Anguita Cantero
Profesor titular do Departamento de Historia da Arte e director do Centro de Cultura Contemporánea da Universidad de Granada

11:30 horas
Pausa

12:00 horas
El arte de contar. Originalidad y peculiaridades del relato en viñetas

Antonio Altarriba
Catedrático de Literatura Francesa da Euskal Herriko Unibertsitatea

13:00 horas
Debate

Sesión da tarde

17:00 horas
La unicidad del lenguaje expresivo de la historieta

Juanjo Guarnido
Debuxante

18:00 horas
A historieta galega: da conciencia política á conciencia artística

Gemma Sesar
Editora de El Patito Editorial e comisaria da exposición A Historieta Galega. 1973- 2008

19:00 horas
Debate

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas

Coordinan

Miguelanxo Prado
María Luísa Sobrino

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das conferencias.

Inscrición e máis información

www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela

Tel. 981 957 202
Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.org

www.consellodacultura.org



XORNADA



24 de novembro de 2011 | Consello da Cultura Galega